

O BNG de Cangas pide nunha moción que se lle adique o 24 de febreiro a Rosalía de Castro

Tamén respalda a iniciativa lexislativa popular en defensa e promoción da sanidade pública

G.M.P. - CANGAS O 24 de febreiro conmemórase o nacemento de Rosalía de Castro, e coincidindo que ese día hai Pleno en Cangas o grupo municipal do BNG quere debatir unha moción na que se insta a declarar esa data "Día de Rosalía" no concello, así como a emprender e apoiar a realización de actividades de promoción da obra literaria da escritora galega e a realizar unha lectura pública da obras rosaliana nun lugar destacado do municipio, coa participación do vecindario, alumnado dos centros escolares e persoas destacadas pola súa actividade cultural.

O BNG argumenta que Rosalía de Castro "é a escritora máis representativa da lingua e da literatura galegas", e que a publicación do seu libro Cantares Gallegos, o primeiro escrito integramente no idioma propio, "sinala o inicio da restauración" do seu uso e "o final de séculos de silencio e de esquecemento". O grupo nacionalista cre que abundan motivos para adicarlle esta data e que "a difusión do coñecemento da súa obra é necesaria para as galegas e os galegos", en especial para as xeracións máis novas. "A súa palabra feita poesía ou prosa reflexiva é un dos procedementos máis eficaces para fomentar o amor á nosa lingua e comprender a nosa identidade cultural". A intención é que esta data do 24 de febreiro quede instituída, e que se aproveite a coincidencia co Pleno para ratificar esta proposta e se dean pasos para ir preparando as actividades para o vindeiro ano.

Sanidade Pública

Por outra banda, o Bloque Nacionalista Galego, a través da súa portavoz Mercedes Giráldez, presentou unha moción de apoio á iniciativa lexislativa popular da Plataforma SOS Sanidade Pública que ten como finalidade "deter a política de recortes e privatizacións da sanidade impulsada polo actual Goberno galego" e de "garantir o dereito constitucional á protección da saúde dos galegos e galegas". O acordo deberá trasladarse ás institucións parlamentarias e ao presidente da Xunta, e desde o Concello animaríase ao vecindario a colaborar con esta iniciativa", demanda o BNG.